



## **Bases reguladoras da concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Boqueixón para o ano 2021**

### **Artigo 1. Disposicións xerais**

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedemento para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro no ámbito do Concello de Boqueixón, de acordo cos principios de obxectividade, transparencia, igualdade, concorrencia e publicidade, para a realización de actividades, investimentos ou gastos correntes que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses do municipio. conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

### **Artigo 2. Réxime xurídico aplicable**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
  
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
  
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
  
- Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
  
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido no Orzamento municipal para o ano 2021.

### **Artigo 3. Obxecto e finalidade**

Esta convocatoria ten por obxecto outorgar subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento de programas, proxectos, actividades, investimentos e outros

gastos correntes, levados a cabo polas entidades sen ánimo de lucro do Concello de Boqueixón, coa finalidade de promover e dinamizar a participación activa da veciñanza no tecido asociativo.

#### **Artigo 4. Requisitos das entidades beneficiarias**

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as asociacións que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Boqueixón na data de presentación da solicitude.
- c) Acreditar un número mínimo de 8 asociados na data de presentación de solicitudes.
- d) Que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades que sexan de interese veciñal e coincidentes co obxecto da subvención.
- e) Que teñan xustificado as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello de Boqueixón.
- f) Que se atopen ao corrente do pago de deberes por reintegro de subvencións.
- g) Que estean ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social e co Concello de Boqueixón.
- h) Os demais contemplados na Lei Xeral de Subvencións.
- i) Non poderán estar incursas en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei xeral de Subvencións.

#### **Artigo 5. Contía das axudas e dispoñibilidade orzamentaria**

A contía da presente convocatoria ascende a 12.000 euros, con cargo á partida 924.480.00, correspondente ao orzamento do ano 2021.

O importe máximo a percibir por cada entidade non poderá superar os 1.000 euros, salvo o disposto a continuación.

No suposto de que o importe solicitado e outorgado supere o límite máximo de 12.000 €, minorarase proporcionalmente a cantidade a percibir polas entidades.

No suposto de que o importe solicitado e outorgado non supere o límite máximo de 12.000 €, poderase incrementar proporcionalmente a cantidade a percibir polas entidades.



exp. 2021/G007/000013

Este orzamento pode modificarse como resultado da asignación ou redistribución dos fondos para financiar estas axudas.

#### **Artigo 6. Compatibilidade desta convocatoria con outras axudas**

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras institucións públicas ou privadas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custo do obxecto da subvención.

As asociacións que soliciten esta achega non poderán acollerse a outras axudas económicas do Concello de Boqueixón no mesmo exercicio económico.

#### **Artigo 7. Gastos subvencionables e non subvencionables**

##### **Gastos subvencionables**

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades ou proxectos subvencionados e se leven a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021, tales coma gastos de persoal, profesionais, de organización de actividades, talleres, accións formativas, cartellaría, folletos, etcétera.

Tamén se considerarán gastos subvencionables os investimentos e gastos de mantemento ordinario e de funcionamento das entidades coma o material de oficina, teléfono, luz, seguros, alugueiros, combustibles e calquera outro similar relacionado coa actividade da entidade.

En todo caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade de que se trate.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

##### **Gastos non subvencionables**

En ningún caso serán subvencionables:

- Os intereses debedores de contas bancarias
- Intereses, recargas e sancións administrativos e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

- Impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.
  
- Os gastos de adquisición de bebidas alcohólicas, produtos alimenticios e, en xeral, os realizados en concepto de “comidas, ceas, petiscos, etcétera”, agás se eses gastos están directamente relacionados coa actividade subvencionada, sen que en ningún caso poidan superar o 40% do orzamento inicial, ou do gasto executado se é menor, acreditando estes cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do seu pago efectivo.

Non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos recollidos nos apartados anteriores nin se correspondan co período fixado na convocatoria.

## **Artigo 8. Procedemento de solicitude**

**8.1 Prazo.** As solicitudes deberán presentarse no prazo de 15 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, segundo a Lei xeral de subvencións (artigos 17.3.b), 18 e 20.8 en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (Resolución IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015).

**8.2 Lugar.-** As solicitudes deberán presentarse a través da Sede electrónica do Concello de Boqueixón (<https://sede.boqueixon.com/opencms/es/>) con acceso a través da web [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal) (Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas) achegando os formularios que figuran como anexos.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

### **8.3 Documentación a achegar:**

- a) Solicitude de subvención.
  
- b) Proxecto ou memoria detallada da actividade/investimento/gasto corrente para o que solicita subvención (Anexo I).
  
- c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e que polo tanto, cumpre todos e cada un dos requisitos que están vixentes para obter a condición de beneficiaria, declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas para o mesmo fin e outras declaracións (Anexo II).
  
- d) Certificado da composición da actual Xunta Directiva da asociación e do número de persoas asociadas da entidade. (Anexo III).
  
- e) Estatutos da entidade.
  
- f) DNI da persoa representante legal da asociación.



exp. 2021/G007/000013

- g) CIF da asociación.
- h) Certificación de datos bancarios da entidade solicitante.
- i) A documentación relativa aos apartados e, f, g, h non será necesaria no caso de habela presentado en anos anteriores e non sufrira variación.

### **Artigo 9. Enmenda de solicitudes**

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días naturais, arquivándose o expediente sen máis trámites de non efectuarse a mesma, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Artigo 10. Procedemento de concesión**

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao Servizo de Cultura. O órgano competente para a resolución será o designado pola lexislación do réxime local.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos pola convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e / ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá á persoa/entidade interesada para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días naturais, indicándolle que de non atender o requirimento se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

#### **10. 1 Criterios de valoración**

A contía das subvencións determinarase, unha vez considerados os gastos que se vaian realizar, de acordo co seguinte baremo:

a) **Características do proxecto presentado. Ata 60 puntos**

- Adecuación dos obxectivos da proposta aos fins da asociación: Ata 10 puntos
- Nº de poboación beneficiaria: Ata 20 persoas, 5 puntos; máis de 20, 10 puntos
- Interese xeral da proposta: Ata 10 puntos
- Traxectoria e continuidade: Ata 10 puntos
- Coordinación con outras entidades e iniciativas da contorna: Ata 10 puntos
- Incorporación de elementos innovadores: Ata 10 puntos.

b) **Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios e outras axudas e subvencións ou ingresos. Ata 20 puntos, segundo o seguinte criterio:**

- Entre o 30% e o 40 %: 5 puntos
- Entre o 41% e o 60 %: 10 puntos
- Maior do 60%: 20 puntos

c) **Número de persoas asociadas da entidade. Ata 10 puntos.**

- De 15 a 40 persoas asociadas: 5 puntos
- Máis de 40 persoas asociadas: 10 puntos

d) **A promoción e uso do galego no desenvolvemento das actividades e investimentos. Ata 10 puntos.**

4. O órgano instructor formulará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse ás entidades interesadas. Tras a notificación as entidades solicitantes disporán de un prazo de dez días naturais para presentar alegacións.

5. Examinadas as alegacións aducidas formularase a proposta de resolución definitiva polo órgano instructor, que deberá expresar a relación de entidades solicitantes para as que propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración e ponderación seguidos para efectuala.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.



exp. 2021/G007/000013

6. A resolución definitiva e notificación destas subvencións corresponde á Xunta de Goberno Local no prazo de seis meses computados desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

### **Artigo 11. Notificación e publicidade**

A publicación destas bases realizarase na web municipal [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e o extracto correspondente no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será seis meses contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo para a presentación de solicitudes. Todas as entidades interesadas recibirán comunicación expresa da resolución.

A notificación da resolución realizarase de acordo co previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria unha vez resolta, realizarase na web municipal e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) con expresión do CIF das entidades solicitantes e a resolución da mesma, concedida ou denegada xunto co importe correspondente.

Contra o acordo de resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Artigo 12. Obrigas das entidades beneficiarias**

- a) Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- b) Realizar as actividades, investimentos e/ou gastos correntes que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- c) Destinar a subvención exclusivamente aos fins para a que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo concello.
- d) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse dos investimentos, realización dos programas e actividades (sendo obrigatorio a concertación dun seguro de responsabilidade civil no seu caso).

- e) Comunicar calquera modificación sustancial que se produza no obxecto da solicitude.
- f) Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo o concello, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- g) Informar e dar publicidade da subvención, facendo constar nun lugar destacado a participación do concello.

### **Artigo 13. Xustificación e pagamento das subvencións**

1. A xustificación da subvención concedida levarase a cabo mediante a presentación da conta xustificativa, segundo os modelos normalizados que se achegan, nos termos do artigo 28 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e que, en todo caso, deberá conter:

- a) Unha breve memoria do investimento / actividade ou gastos correntes realizados, obxecto de subvención (Anexo IV)
- b) Certificación do gasto que se xustifica (Anexo V)
- c) Declaración doutras axudas e ingresos obtidos para o mesmo obxecto e declaración do representante de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta, e Axencia Estatal da Administración Tributaria (Anexo VI).
- d) Facturas orixinais ou fotocopia cotexada das mesmas, que deben cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas conterán como mínimo:
  - Núm. de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
  - Denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario/a.
  - Descrición e data de realización da operación.
  - Importe, desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Non se admitirán facturas nas que non se faga constar o “IVE engadido”.
  - Recargas, descontos e retencións aplicables.
- e) Acreditación do pagamento das anteriores facturas das seguintes formas:
  - Cando a factura sexa pagada en efectivo, deberá aparecer na mesma a indicación “Pago” ou “Recibín”, a data de pago, o selo da empresa e a sinatura de quen recibe o pagamento.





exp. 2021/G007/000013

- Cando a factura sexa pagada mediante transferencia bancaria ou tarxeta deberá achegarse o extracto bancario que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario/a.
  - f) Acreditación da publicidade do financiamento público por parte do concello mediante os medios que se estimen oportunos.
  - g) Calquera outra documentación que sexa requirida pola Intervención municipal para a correcta xustificación da subvención.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden a contía da subvención concedida o pagamento realizarase polo importe efectivamente xustificado.
3. Unha vez examinada a documentación xustificativa e no caso de apreciar erros ou aclaracións, darase un prazo de dez días naturais para a súa corrección.
3. A xustificación presentarase a través da Sede Electrónica do Concello de Boqueixón, sendo a data máxima para a presentación da mesma **o 20 de xaneiro do seguinte ano.**

Entenderase formulada renuncia á subvención concedida por aquelas entidades que sendo beneficiarias non presenten dentro do prazo sinalado a xustificación da subvención.

4. O pagamento das subvencións efectuarase nun prazo máximo de 2 meses desde a súa correcta xustificación mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado pola entidade.

O importe dos gastos xustificadas deberá acadar, como mínimo, a contía da subvención concedida. De non ser o caso, o importe da subvención será reducida proporcionalmente.

#### **Artigo 14. Reintegro de subvencións**

Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente no caso de que se detectase que o importe recibido non fose empregado no obxecto das actividades subvencionadas.

No caso de xustificación ou incumprimento parcial só se esixirá o reintegro pola parte non xustificada. No caso de que o reintegro se esixa porque se percibiron outras subvencións que, en conxunto, superen o custo da actividade obxecto de concesión, procederá o reintegro só do exceso obtido.

#### **Artigo 15. Seguimento, control e inspección**

O Concello de Boqueixón comprobará a realización das actividades ou investimentos e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda, mediante os medios que estime oportunos e conforme a Lei Xeral de Subvencións.

#### **Artigo 16. Disposición final**

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boqueixón para o ano 2020, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de subvencións Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.